

## MÓDULO DE SENSIBILIZACIÓN EN IGUALDADE. FORMACIÓN EN LIÑA

“Calquera que sexa a liberdade pola que loitamos, debe ser unha liberdade baseada na igualdade.”

Judith Butler.

Dámosvos a benvida a este curso de Sensibilización en Igualdade!

Esta actividade formativa ten o obxectivo xeral de introducir o tema da igualdade e pretende acadar un mínimo de sensibilización nesta temática mediante a utilización da perspectiva de xénero en todas as accións que se realizan no día a día.

Este curso está financiado polo Concello de Marín, a través do Centro de Información ás Mulleres (CIM), correspondendo coa actuación *Servizo de accións de intervención socioeducativa en materia de igualdade de xénero*.

### Obxectivos específicos do curso:

- Coñecer os conceptos básicos sobre a igualdade de oportunidades de mulleres e homes.
- Realizar unha aproximación á situación das mulleres e homes nos espazos reprodutivos e produtivos.
- Dotar ao alumnado das competencias necesarias para contribuír ao mellor desenvolvemento da sociedade.
- Reflexionar sobre as causas e as formas da violencia de xénero.

O curso terá un total de 12 horas lectivas. Levarase a cabo a través da plataforma dixital do Concello de Marín, na páxina [cimdemarin.es](http://cimdemarin.es). Accedendo a través da pestana *Formación*, despregarase o material de cada tema. O correo electrónico do curso é [igualdade@concellodemarin.es](mailto:igualdade@concellodemarin.es)

### Docente:

Rita María Rey Souto. Técnica en Promoción de Igualdade de Xénero.

**Certificación:** Tras rematar o curso coa cualificación de (APTA/O), o Concello de Marín expedirá un certificado de aproveitamento.